**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 3 DE XUÑO DE 2010**

| | |
|---|---|
| ALCALDE: | D. Jesús Vazquez Almuiña |
| CONCELLEIROS: | D. Angel Manuel Rodal Almuiña<br>Dña.Rosa Ana Marcote Guillén<br>Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez<br>Dña.Maria Iglesias Fernández<br>Dña.Ana Simons Sánchez<br>D.Jose Rodríguez Trigo<br>Dña.Maria Jesús Martíns Passos<br><br>D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ)<br><br>D. Rafael Lores Rosal<br>D.Manuel Rafael Estévez González<br>Dna.Emilia Giráldez Ramirez<br>Dña.Laura Miguez Pérez<br>Dña. Teresa Perez Vieira<br><br>D. Xose Enrique Fernández Fernández<br>D. Roberto C. Valverde Sabin |
| NON ASISTIRON: | D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE)<br>Dña.Rosa del Riego Santos (Interventora) |
| SECRETARIA: | Dña.Susana Gallardo Fariña |

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a tres de xuño de dous mil dez, reúnense os señores ditos enriba, co obxeto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.**

***Acta de 6 de maio de 2010.***

Sometida a devandita acta a votación polo Sr.Alcalde e non producíndose alegacións, fica aprobada por unanimidade.

**2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

**3.- MODIFICACION DA ORDENANZA DE CIRCULACION DO CONCELLO DE BAIONA.**

O Sr.Alcalde explica a ausencia da **Sra.Interventora** por estar disfrutando duns días de vacacións. Cede a palabra ó **SR.RODAL, PP.**

**SR.RODAL, PP.-** Primeramente felicitar a todo el equipo de goberno y especialmente al Concejal de Medio Ambiente, Manuel Vilar, por las Banderas Azules. Es la primera vez que Baiona cuenta con 6 Banderas, 4 en nuestras playas y 2 en los puertos deportivos; esperemos seguir manteniendolas y ojalá que en años sucesivos consigamos alguna más. Por ello, enhorabuena a todos y en especial a Manolo Vilar.

Procede á lectura da seguinte:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

**En data 24/11/2009 publicouse no BOE a Lei 18/2009, do 23 de noviembre, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de Vehículos a Motor e seguridade Vial aprobado polo real Decreto 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora lei, que consonte a disposición adicional sétima entrará en vigor ós seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agas os artigos 9.bis 2, 59 bis, 77 e 78, que entrarán en vigor no prazo dun ano.**
**Dita modificación lexislativa conleva a necesidade de modificación ad Ordenanza de Circulación do Concello de Baiona segundo proposta adxunta.**

**E por isto polo que propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza de Circulación do Concello de Baiona.**

**Segundo.- Someter a ordenanza a exposición ó publico polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.**

---

**CONTINUA.-** Lo que se presenta en esta propuesta es una adaptación de la Ordenanza Reguladora Municipal de Circulación que teníamos que data de fecha 15 de junio de 2004, y que posteriormente el 5 de junio de 2008 se hizo una modificación en este Pleno en la regulación con la instalación del acceso restringido al casco histórico; es una adaptación.
Decir que esta adaptación sobre todo es a nivel sancionador, a las nuevas bases sancionadoras; en términos generales decier que habrá faltas leves, la cuantía máxima es hasta 100 euros; faltas graves, que serán de 200 euros; y faltas muy graves, de 500 euros; si las sanciones se pagan antes de los 20 días tendrán un descuento de un 50%.

**SR.LORES, PSOE**.- Felicitar ó Concelleiro de Medio Ambiente por esa nova Bandeira Azul, decir tamén que hai un esforzo de tódalas Administracións que fan posible que Baiona cada vez teña unha mellor calidade medioambiental, superándonos ano a ano en tódolos temas de saneamento, de accesibilidade, e esperemos que co funcionamento da nova depuradora para o ano a Concheira poda levar tamén unha Bandeira Azul. Trasladar a nosa felicitación ó equipo de goberno e a Manolo Vilar.
En canto a esta Ordenanza realmente non temos nada que decir. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Pola nosa parte non vamos a felicitar nin ó goberno nin ó concelleiro de Medio Ambiente polas Bandeiras Azuis; e non o faremos porque creemos que este concelleiro segue tendo unha espiña clavada na Ladeira, e mentres non sexa capaz de mantér esa praia limpa e nunhas condicións aceptables para os veciños e veciñas, e visitantes de Baiona, non vamos a felicitálo. E un logro importante haber obtido unha Bandeira máis pero creemos que a espiña da Ladeira é unha espiña que se teñen que sacar, e recordámoslle que agora mesmo, cos recursos dos que dispón o Concello, xa que ten a máquina da Deputación tódolos días do mes durante prácticamente todo o ano (cuestión que nós non tiñamos cando gobernabamos porque o PP fai uso das institucións de maneira partidista), tendo en conta

que teñen a maquinaria tódolos días deberán ter tódalas praias con Bandeiras Azuis sobradamente; non me extrana que non llas dean porque as condicións hixiénicas da praia máis grande de todo o Concello, e cunhas calidades excepcionais, non podería ser doutro xeito que negándolle a Bandeira xa que hai lixo por tódolos lados; hai moscas, hai falta de infraestructuras, hai falla de todo, e sobra lixo por tódolos lados. Polo tanto, señor Concelleiro, síntollo moito pero nós con respecto a iso non vamos a felicitálo.

En canto á Ordenanza de tráfico, a nova adaptación á lexislación aprobada recentemente, botamos en falta Sr.Alcalde, un informe da Policía Local, máis que nada por se houbera algún punto onde adaptar esa nova Lei ó que é o Concello de Baiona; non sei se a falta deste informe foi por falta de tempo. En todo caso, o que sí lle pediríamos ó Sr.Alcalde é que dunha vez por todas tomara algunha iniciativa con respecto ás altas velocidades que se están desenvolvendo na rúa Benito Fariñas (a que coñecemos todos por carretera de Belesar), na que constantemente se observan conduccións a alta velocidade, e que sobre todo a horas punta como ás 8 da mañán, ou ás 7 da tarde, xente que sube e baixa por esa estrada, grupos importantes de nenos que están esperando ou que chegan do colexio, e que calquer día vamos a ter unha desgraza, o que sería un mal para todos. Polo tanto, xa que existe un Convenio entre a Delegación do Goberno e este Concello, no cal se indica que ata o cruce de Urgal e Medialdea é competencia municipal, pois que se tomen as medidas oportunas para poder evitar no sucesivo calquer desgraza. Respecto ó demáis estamos totalmente dacordo.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Agradecer o recoñecemento tanto do portavoz do PP, compañeiro de goberno, como do PSOE, sobre o logro das Bandeiras Azuis. Cando se obtén ún destes galardóns, é un galardón de toda a Corporación; iso o teño moi claro; entre outras cousas teño que recoñecer que nos deron a Bandeira Azul pola praia dos Frades grazas á mellora na accesibilidade, hai que recoñocelo públicamente, grazas ás obras que se fixeron do Plan E, que nos permitíu unha accesibilidade óptima hacia esa praia e que se mellorará estes días instalando as pasarelas de madeira, os paneis informativos; é importante o feito de que haxamos recuperado un pequeño arenal, pequeno pero que sen dúbida presentou a mellor calidade das augas da zona sur de Galicia, e os análisis así o demostran; polo tanto é unha distinción de toda a Corporación e grazas a tódalas inversións que se fixeron. Nos imos a seguir traballando neste tema; é certo que este ano chegamos ó record importante de 6 Bandeiras Azuis, e os portos deportivos de Baiona, é un prestixio que as nosas marinas teñan a Bandeira Azul.
Decir que a pesar de ter dous arenais aínda sen Bandeira Azul nós temos diagnosticado porque non no la dan.
Con relación ó tema da Ladeira, sen dúbida é unha praia que nós mimamos e coidamos durante todo o ano como nunca se fixo; é unha praia que a pesar de non ter a Bandeira Azul vai a mantér tódolos servizos como si a tivera: de socorristas, de balizaxe, de coidados medioambientais, etc.
O Concello de Baiona somos suxetos pacentes doutros danos colatorais que recibimos doutros Concellos, me refiro a que cando a depuradora de Gondomar funcione á perfección, que funciona bastante ben, pero ten que funcionar con moita máis perfección, e se eliminen algúns verquidos existentes no estuario do río Miñor, a Ladeira terá a Bandeira Azul; pero repito: nós somos nestes momentos o suxeto pacente doutras augas que veñen doutros Concellos.
Tamén temos a Concheira, que unha vez que rematen as obras da depuradora, vai a ter as mesmas condicións que a praia dos Frailes; por certo, eu sempre estareille agradecido ó anterior Conselleiro de Medio Ambiente que fixo posible esta importante obra de consenso que vai a permitir que o litoral de Baiona teña o emblema que ten que ter; e é curioso: das 7 distincións que houbo no Val Miñor de Bandeiras Azuis, 6 están no Concello de Baiona; algo estaremos facendo ben; e teño que recoñecer que isto é grazas ás inversións de tódalas Administracións; eu non me recato en recoñecer o importante apoio que tivemos da Xunta de Galicia, do Conselleiro Manuel Vázquez, das obras do Plan E, e de tódolo esforzo que facemos

por conservar o noso medio ambiente. E neste caso tamén hai que felicitar ó Concelleiro de Turismo pola magnifica promoción que está facendo de Baiona, dos nosos arenais, para que Baiona sexa unha referencia a nivel turístico.
Respecto ás críticas negativas, as respeto pero non llas comparto, porque non están feitas dende a óptica do análisis obxetivo que o que nós buscamos como equipo de goberno.
En canto ó punto da Orde do Día, estamos dacordo e votamos a favor.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Vilar, a sua cantinela xa é vella; vostede, como dixen ó principio, ten unha espiña clavada na Ladeira dende fai moito tempo, concretamente dende o ano 2004 que foi cando se obtivo a Bandeira Azul, e o encargado de levar adiante a limpeza desa praia era eu. Entre outras cousas, efectivamente o verquido de Gondomar inflúe nas augas da Ladeira, de feito a parte marisqueira está agora mesmo aínda vetada, pero mire, a depuradora de Gondomar funciona perfectamente, pero soamente depura o 20% das augas residuais de Gondomar; o 20%; e iso denunciello eu fai moito tempo, e isto sucede dende o mesmo día en que se inaugurou, porque fixeron as cousas mal, porque a dimensionaron mal, foi o Goberno Fraga, llo quero recordar; a depuradora funciona perfectamente pero soamente non está dimensionada para a amplitude do Concello de Gondomar. E o máis grave de isto e que ó río Miñor veñen residuos do CUVI, que a ver qué experimentos fan e a ver que sale de alí; ao mellor algún día pagaremos as consecuencias.
Pero tamén é certo que as veces pasamos por certa zona de Sabarís e cheira a pozo negro, e iso é responsabilidade de vostedes e non o resolven; e tamén é certo que segue habendo montañas de lixo na praia Ladeira, e vostede sabe que é verdade; e os veciños que circulan polos paseos, sobre todo polo de madeira que está na Ladeira, poden vélo hoxe mesmo, aínda que estos días puxeron un contenedor que hoxe non sei si estará; e por iso non lle deron a Bandeira Azul. Pero tampouco lla deron porque as algas hai que retirálas; e a Ladeira ten un exceso de producción de algas; esas algas se pudren, crian gusanos, crian bichos, crian moscas, e a xente que ven aquí a un Concello de excelencia turística non está disposta a ir a un sitio onde o coman literalmente as moscas; veñen a tomar o sol e a descansar, non a que o coman as moscas.
E é certo que se necesita unha gran inversión para retirar as algas; tamén debe recoñecer que o sistema que usamos nós de darllas ós veciños para que as usaran como abonos era boa, e era a máis económica para o Concello, e que se debe de seguir por ahí; de feito, as duchas e os lavapés que se puxeron na Ladeira e que existen hoxe en día, os contratei eu, os mandei comprar eu cando estaba nese posto.
E que de 7 bandeiras leven 6, me parece ben, pero tamén hai que ser obxetivo e decir que a que teñen no Concello de Nigrán a conseguiron con recursos propios porque a Deputación non manda alí unha máquina a limpar nin por equivocación; ¿porqué?, porque non é do seu cór político; o que decía eu antes: o PP ten as Administracións Públicas e xogan co diñeiro público para beneficio electoral; aquí, a sorte que temos, é que a máquina está tódolos días porque vostedes son do mesmo cór político que o Sr.Louzán e polo tanto a máquina está día e noite, polo que deberan de ter tódalas Bandeiras Azuis que solicitaron.
Con respecto ós 2 portos deportivos lle vou a decir unha cousa: a nós alégranos que os Portos teñan bandeiras azuis; pero como ún só dos portos deportivos volva a verter gasolil na ría de Baiona seremos nós quen chamemos ós Xerentes das Bandeiras Azuis para denunciar a ese porto deportivo, porque xa estamos fartos de que se teña que pechar unha praia como sucedeu onte en Vigo porque un porto deportivo ou porque algún insensato verta litros de gasoil ó mar; non se pode consentir iso por moito porto deportivo que sexa e por moita jet-set que exista dentro dese porto; para nós, o primordial son os veciños e Baiona. Nada máis.

**SR.ALCALDE.-** Decirlle que chame a Vigo xa que vostede sabe a causa do verquido do gasoil; en Vigo non sabían de onde viña; por iso digo que se vostede o sabe debería chamar a Vigo para decirllo.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Aquí, fai anos, o Clube nautico verteu gasoil ó mar e houbo que pechar a praia durante un tempo.

**SR.ALCALDE.-** Sí, o Alcalde era o Sr.de la Peña; eu estaba na oposición.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Estamos nun debate moi interesante e me gustaría que o pechara o Sr.Alcalde quen, como médico e como persoa ligada á Sanidade, é moi sensible con estes problemas medioambientais.
Sr.Fernández, a veces non valoramos o que é a distinción de Bandeira Azul; e evidentemente pode ocurrir un accidente, pode ocurrir un verquido dun barco, pero non pasa nada; o que hai que ter é a precaución cando ocurre algo de iso e se retira a Bandeira Azul ata reparálo; pode haber obras nunha praia, se comunica a ADEAC, se retira a Bandeira Azul, e durante o tempo que duren as obras estaremos sen éla, e cando se rematen se retoma a Bandeira Azul; iso é o bó, o bonito, e o interesante; cando calquer cidadán vai a unha praia e ve ondeando a Bandeira Azul quere decir que se están cumprindo nese intre tódolos parámetros que representa esa distinción. Se nalgún momento se retira esa Bandeira Azul non pasa nada; o que non podemos facer nós é ir de fantasmas e intentar Bandeiras Azuis a toda costa cando logo o que estamos é adulterando esa distinción.
Tamén hai que ser realistas; a praia Ladeira, aínda que non ten a Bandeira Azul, é unha praia que cumpre cunhas condicións óptimas para o baño; o que pasa é que nós temos que buscar a perfección; e mire vostede: nós somos responsables e cando limpamos as praias durante todo o ano collemos os verquidos e os depositamos nun contenedor e a empresa URBASER os traslada a un vertedeoiro onde se poden verter eses residuos; nós non facemos o que facían antes que se entregaba ós veciños o que se sacaba das praias; somos responsables.
En canto ó tema das algas, poderíamos falar aquí dabondo; hai que educar á xente; existen movementos ecoloxistas e da propia Universidade que aconsellan non retirar as algas porque o que se fai cando se retiran é interrumpir o ciclo biolóxico das praias, especialmente as praias do fondo de ría, que depositan esa alga, esa alga se descompón, hai época do ano que cria ovas incluso de certos peixes, especialmente do camarón cando chove o mes de setembro, e logo esas algas teñen que cumprir seu ciclo; por iso que retirálas non é bó; ¿qué ocurre?: que hai que educar á xente e facerlle ver que as algas nunha praia non son malas; para mirar praias sen algas nos vamos ó Mediterráneo e miramos o que é un mar morto, que non ten a vitalidade que ten o Atlántico, especialmente na nosa bahía. Por iso repito que o tema das algas é un problema de educación; evidentemente antes, nosos paisanos, collían as algas, as levaban ós campos, había un ciclo distinto; pero a realidade é a que é; por iso quero decirlles que nós, en canto ó tema da Ladeira, non temos ningún complexo; e nós tratamos de que sexa un arenal que cumpra tódalas condicións. E ¡qué me van a decir a mín!, eu cando estiven de Alcalde retiramos o campo de fútbol do Erizana que estaba alí e recuperamos todo ese espazo que se utilizara no seu momento e se trasladou a outro campo de fútbol; e eu sei tamén que vostede fixo moito pola Ladeira; sei que é un home que lle quere á Ladeira, porque ó fin e ó cabo vostede naceu na Ladeira; ¿cómo pode vostede pensar que algo ó que vostede quere tanto como é a Ladeira eu lle vou a facer dano?: ó contrario, se fixeron paseos, instalacións, etc., outra cousa son as gamberradas que poidan facer alí.
Recordar que a Bandeira Azul é un tema das calidades das augas, sanitarias, e creo que o Alcalde llo pode explicar mellor que eu; hai que darse conta do que iso representa, e nesa liña traballamos, Sr.Fernández; pero a mín alégrame moito que vostede sabe moito de Baiona, eu encantado, a ver cando lle vexo bañarse na Ribeira, na Barbeira, na praia dos Frades, ou na Concheira.
Todos temos que defender a marca “Baiona” de cara ó turismo; e creo que estamos facendo moito entre todos por defender ó noso Concello. Moitas grazas.

**SR.ALCALDE**.- Das Bandeiras Azuis solicitadas nos concederon o 100%; se solicitaron 4 praias e nos deron as 4 praias; é un tema de calidade das augas, e tódalas augas de Baiona son aptas para o baño, pero o primer requerimento de Bandeira Azul é que ten que ser non

só apta senón de calidade excelente, e por iso algunha praia pode non reunir ese requisito no momento determinado en que se fai unha analítica; pode facerse hoxe esa analítica e ser negativa ou non excelente, e noutro momento sí sélo, polo tema de corrientes e demáis. Desgraciadamente a Ladeira ten un problema, como xa comentamos; e a Concheira, ata agora, por estar situada alí a estación de pretratamento; pero o fundamental, o punto de partida, é a calidade das augas; unha analítica que se fai a final de ano, a final de temporada, e é a que rixe para o ano seguinte.

____________________________________

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto: MODIFICACION DA ORDENANZA DE CIRCULACION DO CONCELLO DE BAIONA, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza de Circulación do Concello de Baiona.**

**Segundo.- Someter a ordenanza a exposición ó publico polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do Concello.**

**4.-MOCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP, CMÑ E PSOE RELATIVA A SOLICITUDE Ó MINISTERIO DE FOMENTO DO FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO INMOBLE "HOSPITAL DO SPIRITU SANCTI".**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **Sr.RODAL**, quen dá lectura á seguinte MOCION:

**MOCIÓN DE LOS GRUPOS MUNICIPALES DEL PARTIDO POPULAR Y DE COALICION MIÑORANA Y PARTIDO SOCIALISTA DEL AYUNTAMIENTO DE BAIONA**

**Los portavoces de los grupos municipales del Partido Popular y de Coalición Miñorana y del PSOE-PSdG del Ayuntamiento de Baiona, al amparo do establecido en el articulo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formulan, para su discusión y en su caso aprobación en el Pleno Ordinario la siguiente**

**MOCIÓN**

**En fecha 1 de marzo de 1993 la Consellería de Cultura e Xuventude publicó en el Diario oficial de Galicia el Decreto 48/1993, do 25 de febrero, por el que se declara bien de interese cultural (BIC) con categoría de conjunto histórico. Igualmente en la villa de Baiona se han encontrado hallazgos arqueológicos que abracan desde la época romana hasta la actualidad.**
**Dentro del casco histórico se ubica el inmueble Hospital do Espíritu Sancto. El Hospital "Sancti Spiritu" existía a la entrada de la fortaleza de Monterreal, hasta el año de 1645, que fue mandado derribar para asegurar la defensa de dicha fortaleza, siendo trasladado al sitio llamado Las Cortiñas, al fondo del convento de monjas dominicas.Por acuerdo de Ayuntamiento de esta Villa, fecha 16 de noviembre del año 1680, consta que dicho Ayuntamiento tomó posesión del Hospital de Sancti Spiritu, de la misma, en virtud de la que los padres de San Juan de Dios tenían y cedieron. El Ayuntamiento acordó la conveniencia de que el hospital se administre por personas convenientes, como lo son los religiosos de San Juan de Dios que**

atenderían a la cura y limpieza de los pobres con la advertencia que haya de ser tal, para en general de los pobres enfermos y necesitados pobres, así de esta Villa como de toda su Jurisdicción. En el año 1779, el edifico de este Hospital, se hallaba ruinoso y viniendo de visita el Ilustrísimo señor D. Juan García Benito, del Concejo de Su Majestad, Obispo y señor de Tuy y movido de su amor a los pobres, restauró dicho hospital, viniendo a esta villa a bendecirlo e inaugurarlo el 13 de junio de 1806, según dice una inscripción que en el interior del vestíbulo corona la puerta principal.La Cofradía de Santiago, cedió en el año 1796, cedió el edificio y huerta que tenía y estaba contiguo al hospital, frente al atrio de la Colegiata.Después de la restauración de las casas de este benéfico establecimiento, lo denominaron “Hospital de la Caridad” constituyéndose en esta Villa una junta de las personas más salientes de la localidad, que lo administraban.

El modesto edificio tiene un espacioso patio y un huerto contiguo. Recordando su advocación del Espirítu Santo, existe sobre la puerta principal un pequeño camarín u hornacina que contenía una paloma radiante, símbolo del nombre que lleva el hospital. A lo largo de los años, aparte, de su uso originario como hospital, también ha servido como guardería o Casa da Cultura estando actualmente destinado a biblioteca municipal.

Dado el estado de conservación del edificio, la necesidad de mejorar los servicios y dotar a la villa de un archivo histórico el Ayuntamiento de Baiona ha promovido un concurso de ideas a nivel de anteproyecto para la rehabilitación y restauración del inmueble denominado “Hospital do Espíritu Sancto”con destino a biblioteca, archivo histórico y acondicionamiento del jardín exterior, expediente que ha culminado con el fallo del jurado ratificado posteriormente por resolución de alcaldía en virtud del cual se otorgó el primer y único premio a la propuesta técnica presentada bajo el lema CONCÉNTRICA redactada por los arquitectos D.Juan Elvira Peña y Dña. Clara María Murado López.

El edificio “Hospital do Espíritu Sancto” es de gran interés arquitectónico distribuido en dos plantas comunicadas visualmente a través del patio existente. La conexión física entre el edificio y el espacio urbano se plantea con tres posibilidades de acceso: una desde la calle Iglesia, relacionada con la planta alta del edificio a través del jardín superior: otra desde la calle Manuel Valverde que permite acceder directamente al interior del edificio, a la planta alta y a la planta baja y al jardín de la planta inferior y una tercera, recuperando un paso antiguo a través del callejón de San Juán.

La Ley de Patrimonio Histórico de España establece la obligación de destinar en los contratos de obras públicas una partida de al menos el 1% a trabajos de conservación o enriquecimiento del Patrimonio Histórico Español o al fomento de la creatividad artística, con preferencia en la propia obra o en su inmediato entorno.

Entendemos que la Rehabilitación del Hospital del Espíritu Sancto para Biblioteca y Archivo Municipal cumple con las premisas de la Ley del 1% cultural

A la vista de todas estas consideraciones el Pleno del Ayuntamiento de Baiona

SOLICITA al Ministerio de Fomento:

FINANCIACIÓN DE LA REDACCIÓN DEL PROYECTO Y EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DEL EDIFICIO DEL ESPIRITU SANCTO Y JARDÍN EXTERIOR.

---

**SR.RODAL, PP.-** Lo que estamos pidiendo es algo totalmente lógico, por la Ley de Patrimonio Histórico Nacional; se ha hecho un concurso de ideas en el cual la empresa de arquitectos ganadora realizó un diseño valorado más o menos en unos 2.250.000 euros; pedimos aquí la redacción de este proyecto y la financiación para llevarlo a cabo porque entendemos que es muy necesario para todo Baiona. Este Concurso de ideas, el anteproyecto, facilitará un poco el proyecto final; creemos que la idea de concéntricas ha expuesto muy bien el aprovechamiento de este antiguo edificio, que tendrá una planta baja de unos 410 metros y una planta superior de 453, así como un pequeño vestíbulo que también se podrá aprovechar para exposiciones itinerantes; esperamos contar con el apoyo del BNG. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE**.- Baiona ten unha riqueza medioambiental importante, como xa comentamos no último punto; pero tamén ten unha riqueza cultural e de Patrimonio moi importante, polo tanto dende o grupo socialista estamos totalmente convencidos de que tanto o casco histórico como os distintos elementos de patrimonio espallados polo noso Concello teñen que ser obxeto dun tratamento especial que debemos, por tódolos medios, tratar de pór en valor coa participación das distintas Administracións, xa que soamente polo Concello sería imposible; neste caso, a Administración do Estado. Entendemos que o edificio do Hospital é un edificio emblemático para Baiona, no entorno de Santa Liberata, da Ex Colegiata, e coa entrada no casco; un edificio que hai que pór en valor, que hai que recuperar e reformar; para un uso que tamén é importante, hai que decílo, xa que estamos con felicitacións, non está de máis, a labor que está facendo Anxo, o encargado desta biblioteca de Baiona, que está tendo tanto prestixio non só entre a poboación de Baiona senón entre os distintos visitantes que veñen no verán e utilizan a biblioteca como centro de estudio e de traballo. Polo tanto os dous aspectos son importantes: ún: a rehabilitación do edificio; e outro, que o uso dese edificio sexa para Biblioteca, actividade que está en Baiona moi ben recoñecida.

Nós participamos nesta Moción, e esperamos que ó actual Ministro de Fomento, que coñece o edificio, estivo aquí dando algunha conferencia, esperemos que cando lle chegue a Moción se acorde deste edificio. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Creo que está todo dito; parécenos que a Moción obedece ó interés que ten a Corporación por rehabilitar un edificio emblemático; edificio no que ademáis estiveron dando conferencias Mariano Rajoy, na miña época de Alcalde, en diversas ocasións, e tamén D.José Blanco, que por certo, eu teño unha corazonada: van a ser os 2 candidatos á Presidencia do Goberno nas próximas eleccións xerais; isto vaise a dar, xa veredes; con eses apoios tan importantes senón nos dan unha subvención sería terrible; eu estou seguro de que temos as cousas amarradas por ámbolos dous bandos e polo tanto penso que poderemos lograr esa axuda para a Biblioteca que, por certo, inaugurara a rehabilitación desa Casa un ministro da UCD, Sr.de la Cierva, sendo Alcalde de Baiona Benigno Rodríguez Quintas. Estamos totalmente a favor desta Moción.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Como non pode ser doutro xeito, tamén estamos a favor. Quizás, Sr.Vilar, haberá que empezar a traballar nunha conferencia para o Sr.Feijoo, para pechar o triángulo; dígollo porque coa que está caíndo ao mellor non conseguimos toda a subvención ó completo e igual hai que implicar tamén á Xunta de Galicia, non estaría nada de máis. En todo caso, nos parecen ben as iniciativas e que o goberno local, neste caso parte da Corporación, traballen en obtér subvencións para desenvolvemento de edificios tan emblemáticos como é éste para Baiona, e tan necesarios, para optimizar e actualizar as instalacións. Estamos totalmente dacordo con este tipo de iniciativas.

**SR.ALCALDE.-** Quero agradecer o apoio a tódolos grupos; este é un proxecto de todos, de feito o Concurso de ideas contou cun Tribunal onde todos estabamos representados e con técnicos de recoñecido prestixio; houbo moitísimas iniciativas interesadas polo Concurso de Ideas, que non só era un tema material senón que era algo que claramente interesaba: un edificio digamos

sobrio, pero según todos os entendidos, un gran edificio; e dende logo, dentro do caso histórico de Baiona é unha peza fundamental que temos que tratar, entre todos, de recuperar; e que, seguindo co que decía Manolo Vilar, poderíamos facer nél incluso o debate das eleccións, que na Biblioteca estiveran tódolos representantes candidatos, sería un bonito acto. Agradecer a todos o apoio e iniciativa.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**SOLICITAR ó Ministerio de Fomento:**

**- A FINANCIACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO E EXECUCION DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO ESPIRITU SANCTO E XARDIN EXTERIOR.**

---

**5.- MOCIONS.**

**5.1.- MOCION URXENTE DO PP e CMÑ.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **Sr.RODAL**, quen explica que o motivo da Urxencia da Moción é porque o pasado xóves, día 27, no Congreso dos Deputados aprobouse por un só voto unha serie de medidas, un Decreto, e neste Decreto figura a conxelación dos salarios dos pensionistas, que por ser un tema de vital importancia se presenta por Urxencia neste Pleno.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Urxencia, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 5, PSOE; producíndose 2 abstencións, BNG.**

**Polo cal, o Pleno, por maioría, aproba a URXENCIA da MOCION.**

---

**O Sr.RODAL** dá lectura á seguinte **MOCION DE URXENCIA**:
**MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE COALICION MIÑORANA DO CONCELLO DE BAIONA DE REXEITAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A CONXELACION DAS PENSIÓNS.**

Os portavoces dos grupos municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana do Concello de Baiona, ao amparo do establecido no artígo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a sua discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a siguinte

**MOCIÓN**

**As graves dificultades económicas e de paro que vive o noso país e o desmesurado déficit público, obrigan a adoptar medidas extraordinarias, tamén esixidas pola nosa pertenza á zona euro, que á súa vez atravesa un período de inestabilidade ao que é preciso dar solucións coordinadas. Neste contexto o Presidente do Goberno anunciou o pasado 12 de maio no Congreso dos Deputados algunhas decisións que, de adoptarse, lesionarían inxusta e inxustificadamente a máis de 5 millóns de**

**pensionistas españois, rompendo de paso un dos logros maiores da nosa democracia: o Pacto de Toledo.**

**Convén recordar que dito Pacto de Estado alcanzouse en 1995 entre todos os Grupos Parlamentarios, e mereceu o respaldo dos sindicatos en 1996 mediante o Acordo sobre consolidación e racionalización do sistema de pensións.**

**Estes acordos, froito dun amplo e responsable diálogo político e social, sacaron á nosa Seguridade Social da incerteza económica e garantiron un sólido compromiso de todos para facer viable e sostible a nosa Seguridade Social.**

**500.000 millóns de pesetas de déficit, inseguridade de poder cobrar as pensións e incerteza dos pensionistas para manter o seu poder adquisitivo foron, entre outras, razóns para que todos os partidos asumisen o Pacto de Toledo e as súas recomendacións.**

**A Lei 24/1997, de 16 de xullo, de consolidación e racionalización da Seguridade, foi resultado directo do Pacto de Toledo, cuxo cumprimento se quixo garantir coa participación de todos os Grupos Parlamentarios, constituíndo ao efecto unha Comisión no Congreso dos Deputados. Esta Comisión foi avaliando o cumprimento de compromisos e recomendacións desde entón e fíxoo con eficacia e con rigor baixo diversos gobernos.**

**Na actualidade está examinando un documento de data 29 de xaneiro de 2010, enviado polo Goberno para exame e debate, de modo que os acordos que puidesen alcanzarse desen lugar a aquelas reformas e modificacións legais pactadas entre todos os grupos políticos, sen esquecer a participación dos axentes sociais no proceso de diálogo social actualmente aberto.**

**O anuncio de recortes nos dereitos dos pensionistas, principalmente o dereito á revalorización en función do IPC (artigo 11 da Lei 24/1997, de 16 de xullo), vén romper o Pacto de Toledo, unha das máis importantes conquistas da nosa democracia. Estes recortes privan de dereitos a máis de cinco millóns de pensionistas e fainos retroceder aos tempos nos que o Goberno, segundo criterios de oportunidade e de conveniencia política, daba ou negaba a revalorización das pensións e, xa que logo, daba ou quitaba poder adquisitivo ás debilitadas economías dos pensionistas.**

**Produciríanse outros efectos adicionais e indesexables de empobrecemento para os pensionistas ao bloquear "sine die" a base sobre a que se actualizarían as pensións tras o bloqueo da súa contía que expón agora o Goberno.**

**A experiencia indica que este tipo de medidas, combinadas coa elevación de impostos, en especial o IVE (2 puntos de subida en xullo próximo), xeran problemas engadidos no consumo e no emprego, cuxa evolución, se non se corrixe con reformas adecuadas, porá en perigo os ingresos por cotizacións, que son esenciais para manter o noso sistema de Seguridade Social.**

**Todo elo, sen esquecer que a reforma anunciada pólo Goberno afectará especialmente a Galicia, unha das CCAA que conta coas pensións mais baixas do conxunto de Estado.**

**Por todo iso, os Grupos Municipais do PP e CMÑ, elevan ao Pleno para a súa consideración, SOLICITANDO:**

**1º) Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.**

**2º) Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para renovar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.**

____________________________

**CONTINUA**.- Desde el Partido Popular lo que creemos es que los pensionistas no tienen porque pagar los problemas que ha gestionado el Gobierno y todo el déficit que se ha creado, bien sea por el cheque "bebé", que como hemos comentado otras veces no creemos que no sea lógico pero sí había que cuantificarlo de otra manera, no dándoselo a todo el mundo sino haberlo dado por renta, por ejemplo; o también otras medidas como es el tema de los funcionarios, en el cual ahora todos estamos involucrados; pero sobre todo en cuanto a la congelación del salario de los pensionistas (que se ha dicho aquí, en este informe, que son 5 millones), en Galicia los pensionistas son 719.000, pensionistas que más ó menos en las contributivas tienen unos 150 euros menos que la media nacional, por ello citamos antes que se consideraba que aquí el salario percibido por los pensionistas es menor que la media de toda España; creemos que no es justo que ellos tengan que pagar.
Estamos en momentos de crisis pero hay muchas más medidas que no tienen porque afectar a lo social; algo que precisamente a nivel socialismo siempre han defendido: las medidas sociales; y si nos trasladamos aquí, a nuestro Ayuntamiento, en el Pleno anterior hemos traido el presupuesto y siempre se nos ha dicho que el tema social que no se toque; pues bien, creemos que esta es una medida totalmente antisocial.
El Estado pretende, este año, entre el tema de los pensionistas y la bajada del salario de los funcionarios, recaudar 5.000 millones de euros; y el año que viene cuenta recaudar 10.000 millones; en total, entre este año y el que viene, con estas medidas del Decreto, suman 15.000 millones de euros; exactamente lo que se gastó en los dos programas E de Zapatero, que tenían la finalidad, por eso dice Programa E, para el Empleo, y como ya hemos comentado todos aquí, nosotros hemos percibido casi 3 millones de euros que nos han venido muy bien y creo que también se gestionaron muy bien, pero hay otros Municipios que lo único que han hecho han sido aceras y humanizaciones; aquí hemos hecho alguna humanización pero también realizamos distintos trabajos; y sí se ha visto que sobre todo ese programa que era para crear empleo, pero creo que de todas esas personas que han trabajado en el primer Programa E ahora mismo ninguno está trabajando; por ello fueron unas medidas erróneas. Este déficit que pueda haber ahora no es por una mala gestión de ahora: es por una mala gestión de los últimos años, sobre todo de los 2 últimos.
Creemos, sobre todo, que los pensionistas no tienen porque pagar este pacto, que se habla de "pacto de Toledo", pero yo digo este pacto. Muchas gracias.

**SR.ESTEVEZ, PSOE**.- El PP, en esta crisis económica, no ha estado a la altura nunca, y sigue sin estarlo; cuando se instala el cheque bebé protestan; cuando se quita, protestan; cuando se ponen los 400 euros de desgravación en la renta, protestan; cuando se quitan, protestan; cuando se hace un Plan E, protestan; y ahora dicen que muy bien, que lo aprovecharon muy bien, pero son 15.000 millones tirados. En la Moción se establece que "realmente es un problema de confianza en la economía", creemos que esta crisis económica tan profunda y tan dura, una crisis económica mundial, uno de los grandes problemas que existe es el problema de confianza, la restrinción del crédito, etc., y ustedes en esta Moción hablan de "*efectos adicionais e indesexables de empobrecemento para os pensionistas...", "...tipo de medidas, combinadas coa elevación de impostos, en especial o IVE, xeran problemas engadidos no consumo e no emprego...", "... porá en perigo os ingresos por cotizacións, que son esenciais para manter o noso sistema de Seguridade Social";* es decir, lo que decía yo siempre aquí en el Pleno sobre el catastrofismo, es lo contrario de lo que hay que hacer, lo

contrario. El Plan E, 15.000 millones, ha generado empleo, y lo más importante, se ha movido actividad económica; se han metido 15.000 millones de euros en una economía, fundamental; la dinámica económica, fundamental.
Las pensiones se congelan; es una realidad; y supone, como usted dice, esos 15.000 millones; esos 15.000 millones suponen un ahorro que dá lugar a que el déficit del Estado Español baje un 5%. El gasto social en España desde el año 2004 ha subido un 58%; y la congelación de las pensiones, no las mínimas, ni las no contributivas, es un 1,5%; y el gasto social en España, repito, ha subido desde el 2004 un 58%; desde luego, es un pequeño ajuste; un pequeño esfuerzo; con todo lo anterior. Estas son las primeras medidas que se toman a nivel más serio, pero falta la reforma laboral y la del sistema financiero, que son los siguientes pasos que hay que dar; entre todas esas medidas, entre todas esas puestas en escena de estas situaciones, el déficit público tiene que bajar y la economía española tiene que crecer. Muchas gracias.

**SR.VALVERDE, BNG.-** Está claro que temos as eleccións á porta e se nos presenta aquí unha Moción electoralista, de desgaste ó Goberno Central. A política que se ven facendo polo PP nos últimos anos sen ir máis lonxe, é decir: lonxe de aportar solucións e facer unha oposición constructiva nos traen Mocións ou intentase facer política a nivel estatal para destruir ó Goberno e non aportar nada en positivo. Lóxicamente nós non podemos apoiar esta Moción; non podemos polo que acabo de decir: polo seu fundamento electoralista; sí estaríamos dacordo en apoiar unha Moción que contivese medidas reais para poder sair da crise, ahí sí; e ahí o BNG ten os deberes ben feitos; temos unha serie de propostas que estamos facendo públicas e nas cales detaiamos cál é a nosa visión de que ten que facer o Goberno e as distintas Institucións para poder sair da crise. Recordemos situacións que nos atopamos: tropas en Afganistán, promesa electoral do Sr.ZP de retirálas e seguimos ahí, e con máis forza ca nunca; ¿subvencións ós Sindicatos?, sí, sobre todo ós dous maioritarios e que todavía non son quen de chegar a acordos para unha reforma laboral; pero non nos esquezamos das subvencións ó clero, por certo, de iso nadie fala nada; deduccións dos soldos dos funcionarios, tamén, é algo que está enriba da mesa; de cargos públicos, de Institucións; claro que sí; deduccións os pensionistas; ó final do caso: reduccións de salarios a todo o mundo; ¿qué vamos a conseguir coa reducción de salarios?, ¿que se incentive a economía?: non, lóxicamente non; faremos tódolo contrario: que a xente cada vez teña que aforrar máis para poder chegar a fin de mes; esa é a realidade. A día de hoxe a vida costa moito máis que hai 10 anos, e non digamos que hai 20; os soldos seguen estancados, levamos moitísimos anos cos salarios estancados todos: na vida pública, na funcionaria, na vida privada, en tódolos sectores; os aumentos son mínimos; o IPC sube unha cantidade; isto é o que estamos vivindo nestes últimos 20 anos.
Eu teño comentado cun montón de veciños e veciñas deste Concello que hai 25 anos un veciño de Baiona ía dous anos a unha marea e tiña unha casa feita; hoxe en día calquer veciño deste Concello, calquer rapaz de 20, 25, 30 anos, que queira comprar unha casa, ten que hipotecarse de por vida e a ver se a consigue pagar; porque igual agora coas hipotecas de 40 anos que estaban dando hai uns anos van a ter que ser os fillos desas persoas quen lles acaben de pagar as hipotecas; esa é a realidade na que estamos agora mesmo neste pais, é a realidade á que estamos abocados; pero non é culpa de ZP; é culpa dos Gobernos estatais que tivemos, da política económica dos gobernos estatais dende a entrada de Felipe González ata aquí. Coido que non debemos facer política estatal dende aquí porque aquí estamos para facer política municipal, lóxicamente, pero a política económica que leva este pais dende que entrou Pedro Solbes na sua primeira etapa foi a mesma ata que marchou, non houbo variación, porque Rodrígo Rato o único que fixo foi continuar con esa política económica; ahí non houbo diferencias entre a esquerda e a dereita, ou eu non a vín, non a puden apreciar a día de hoxe.
Sobre o cheque bebé, concordo co que acaba de decir o Sr.Rodal, non se poden dar 2.500 euros a todos a diestro e siniestro; pero é un érro flagrante retirálo; o Sr.ZP podía haber dito que aumentaba a cuantía de 2.500 a 6.000 euros e repartílos según a renta, seguro que

aforraba cartos e quedaba moi ben, e ía ter moitos máis votos seguramente; falta de visión política.
Concordo co Sr.Feijoo nunhas afirmacións que fixo hai duas semanas: que o Sr.ZP é un cadaver político, concordo perfectamente; e que estamos nunha operación a corazón aberto, que o que temos que facer é coller tódolos órganos, donálos, e poñer este pais a andar; concordo con él; é o que temos que facer, pero para iso temos todos que arrimar o hombro, e para iso non temos que presentar mocións deste tipo; e para iso o Sr.Rajoy ten que cambiar sua estratexia; eu non estou dacordo co que dixo antes o Sr.Vilar de que ve ós dous candidatos ás eleccións; eu vexo outro cadáver político; eu coido que non supo estar á altura das circunstancias.
Coido que hai que plantexarse duas cousas importantes, unha a dixo antes o compañeiro Rafael: a reforma laboral, fundamental e urxente para que o emprego se empece a xerar; e o Regulamento das entidades financieiras; recordemos que lle demos 30.000 millóns á Banca que non serviron para nada, so para pagar as suas débedas e os seus pufos, coa burbulla inmobiliaria, créditos non se deron, as empresas seguen sen poder recibir créditos; os particulares seguen na mesma situación: ou tes nómina fixa ou eres funcionario ou senón é imposible conseguir un crédito a día de hoxe; temos a proba nos rapaces que van a coller agora as vivendas da cooperativa, a maioría déles tiveron que recurrir ós seus pais para poder avalar as suas hipotecas; isto hai 2 anos non era así; calquera persoa que tiña un contrato de 3 meses accedía a unha hipoteca sen ningún problema; hoxe en día xa teñen que estar os pais avalando rapaces que sí teñen unha nómina, pero claro, a coyuntura de crisis económica que temos agora non permite darlles un crédito; un crédito nunhas condicións nada ventaxosas, lóxicamente.
A nosa postura neste punto vai ser de abstención, como non podía ser doutro xeito; non coidamos que as medidas que está facendo o Goberno central sexan as óptimas, pero tampouco podemos apoiar este tipo de mocións que non contribúen a nada positivo senón a facer desgaste e a que todo siga igual.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Me gustaría aclarar que eu lle desexo ó Goberno do Estado o mellor porque nestes momentos iso sería o mellor para todos. Esta Moción, na que eu participo e corraboro totalmente, é porque o conxelar o soldo ós pensionistas se lle está dando un castigo moi forte ás familias, porque precisamente, como decía o portavoz do BNG, dunha soa pensión, ao mellor, pois vive unha familia, e as pensións son a garantía de que o sistema familiar funcione, porque desgracidamente a situación para atopar un traballo para que a economía se dinamice é moi difícil; eu non sei si é por falta de confianza ou porque a situación financieira non sabemos realmente como está, porque a verdade é que obter un crédito é dificilísimo.
Todo o que sexa sacar diñeiro da circulación, ben das pensións, ben da reducción de soldos ós funcionarios, o que fai é retraer cantidades importantes da circulación; si se lle pegan estes paos ós pensionistas e ós funcionarios, que son os que dalgún xeito podían gastar máis alegremente porque de feito se consideraba que tiñan un posto de traballo fixo, o que se está facendo é contraer a economía.
O razoamento que se daba aquí, dende o goberno municipal, porque isto é algo que nos afecta a todos e agora con esta crisis todos sabemos un pouquiño máis de economía, é que efectivamente se para aforrar 15.000 millóns o Estado a través destas medidas tan drásticas é que non se valorou o que significaba o Plan E; o Plan E ou outros gastos desmedidos que se lle viñan anunciando e o Goberno seguíu outra política financieira distinta, creindo que non aforrando, gastando, que iso era bó, e ó final se demostra todo o contrario; e sobre todo Europa presiona para que se reduzca o gasto público, para que se elimine o déficit, porque ó fin e ó cabo hai que pagar intereses como todo o mundo, e claro, estamos na situación que estamos. Desgraciadamente faltou Solbes do Goberno, e digo desgraciadamente porque Solbes era un freno para todos estes gastos que outras teorías económicas fixeron prevalecer e que Goberno levou adiante, e agora nos pasa o que nos pasa.

Vaise a aprobar dentro duns días unha reforma laboral, e os Sindicatos posiblemente convocarán unha folga xeral, coa que vexo que nadie está dacordo, porque iso non soluciona absolutamente nada, e me alegra que o BNG tampouco esté a favor desa folga xeral porque creo que o único que vai resolver o tema da economía é empezar a xerar emprego, recuperar a confianza e que, dalgún xeito, dende o Goberno se faga outra política económica, polo menos unha política máis previsora, porque qué dúbida cabe que estas medidas son forzadas, son forzadas, e si se tomaran fai 2 ou 3 anos cando empezaba a dislumbrarse a crisis e non se negara por parte do Goberno, posiblemente estas medidas non serían tan drásticas.
Dentro do que é a complexidade do sistema económico, do que é a economía, creo que tomar estes acordos e sacar estes debates nos Concellos é bó xa que aínda que non nos afectan, nos fan tomar conciencia; porque lóxicamente isto tamén vai afectar á economía municipal xa que teremos recortes, agora xa non se darán subvencións tan alegremente, non vamos a poder facer obras que antes era moi normal facélas; isto nos leva a unha situación de contraer o gasto en tódolos aspectos; desgraciadamente para as familias hai agora unha serie de gastos fixos que fan que a economía familiar se vexa seriamente afectada: a enerxía sube, os gastos dos recibos de luz eu creo que multiplicáronse por 3 ou por 4; é un Goberno que non ten un Plan enerxético nacional; xa sabemos que implantar enerxías alternativas vai a ser a longo plazo, pero no momento que se diseñe ese Plan enerxético nacional para ter unha enerxía barata, unha enerxía real, se vai a crear confianza, se abrirán expectativas para mellorar a economía.
Repito, con todo isto sabemos un pouquiño máis de economía, todos; e valoramos o que é o aforro, porque ata agora o aforro non estaba valorado, claro, se lle daba un crédito a calquera e así crearon as hipotecas basura; o sistema lle deu un golpe terrible ao que é o Urbanismo, e me refiro ó ladrillo, cando realmente hai Concellos como o noso que vimos traballando para intentar ter un Plan Xeral aprobado e que ese Plan xenere confianza e actividade económica, e vemos que surxen dificultades por tódolos lados; xa non quero falar da anterior Xunta de Galicia onde o Director Xeral de Urbanismo nos plantexaba filosofías con relación ó tema do Urbanismo cando o tema do urbanismo é outra historia: é planificar para crecer ordeadamente; e claro, estamos na situación que estamos. Nós estamos nun Concello, estamos supeditados cada vez máis ós intereses doutras Administracións, e cada vez somos máis un cero á esquerda; e logo claro, a clase política non digamos, estamos xa demonizados, dá a impresión de que temos que avergonzarnos de ser políticos cando ó final o que estamos facendo é tratando de administrar os recursos con maior obxetividade.
Hai un dato moi curioso, o Fondo de pensións en España creo que ten aínda de reserva 65.000 millóns do Pacto de Toledo, e os principais buitres que queren acabar con eses cartos son as entidades financieiras, porque non conciben que ese diñeiro esté en máns do Estado, e ao mellor están apostando nestes momentos para que ese diñeiro saia de ahí e esté nas Bancas e que a xente faga plans de pensións privados; creo que iso non sería bó, creo que hai que intervir máis na economía e controlar todo ese tema, e como se dixo aquí, facer esa reforma financieira que é fundamental.
Firmamos esta Moción coa mellor vontade do mundo, coa mellor intención, aínda que sabemos que a maioría délas veñen dos grandes partidos políticos que están no meollo do tema, pero é bó que nós tomemos conciencia desta situación; penso que das crisis sempre sae unha sociedade mellor, posiblemente máis austera, xa que ata agora fumos pouco austeros no gasto, especialmente a xuventude que non coñeceu grandes crisis; eu recordo que na nosa xeneración eramos felices con moitos menos recursos dos que temos agora; evidentemente hai que tratar cunha sociedade como a nosa teña unha boa sanidade, creo que se vai a falar xa do co-pago, deste tema sabe o Alcalde mellor que calquera de nós, se vai a falar desas grandes reformas que necesitamos, e creo que nos acostumamos mal; a situación, sobre todo para os xóvenes, cada vez é máis dificil, pero hai que pensar que hai que reconvertirse e non pensar cunha crisis supón unha depresión. Estou convencido que todo o que afecte ás pensións afecta ás familias, e todo o que afecta ás familias afecta á protección social, porque son moitas as familias, especialmente en Galicia, que viven do soldo dos pensionistas; a pensión é un tema protector, especialmente dos xóvenes que están sen

traballo. Nós sempre apoiaremos todas estas Mocións que crean conciencia, convencidos de que son positivas para tomar conciencia da grave situación na que nos atopamos. Moitas grazas.

**SR.RODAL, PP**.- Estoy de acuerdo en muchos puntos con el Sr.Valverde. En cuanto al cheque bebé, usted tiene gemelos e imagino que en su momento, con todo el derecho del mundo, percibirían por los dos 5.000 euros; pero a veces no se trata de hablar de dinero sino de cómo se gestiona ese dinero, y usted lo dijo antes: habría que darlo según la renta, que en su caso es lógico, pero pensar que al hijo de la baronesa Thyssen le puedan dar ese mismo dinero sin basarse en la renta no tiene sentido, y además es que entregan la cantidad, y esa cantidad cualquiera puede gastarla en unas vacaciones ó en una televisión de plasma; eso no es gestión; lo normal es que los primeros años de vida de los hijos pues no se pague el IVA de los productos utilizados por los bebés, como pañales, etc., eso es una gestión, lo otro es dar dinero, quedar bien, y claro, son votos; si hubieran hecho una gestión se hubiesen visto estos parámetros; y digo esto aunque yo no sea economista.
Ustedes, el BNG, en el Congreso de los Diputados votaron en contra; el BNG, con sus 2 diputados, votaron en contra, obviamente, como no podía ser de otra manera; de hecho todos votaron en contra, todos menos 3: el CIU, Coalición Canaria, y UPN; todos; menos, obviamente, el PSOE; entonces, si votaron en contra, es que no estarán de acuerdo con esas medidas.
También decía que se nota que ya estamos en campaña electoral; yo no lo creo, por lo menos a nivel municipal nos queda mucho por trabajar y aun queda un año, estamos hablando a nivel municipal; ya veremos cuando pase el verano, todos empezarán a mover sus fichas; pero ahora mismo no estamos en campaña electoral. Lo que sí estamos defendiendo, y como dice muy bien el Sr.Estévez "a mí no me hableis del Madrid o del Barcelona, hablarme del Erizana", pues aquí igual; yo antes dí el dato de que si los pensionistas son 5 millones en España, en Galicia son 719.000, no pude conseguir los que hay en Baiona, pero nosotros tenemos que defender el bien de nuestros ciudadanos, ya sean, como dice el Sr.Fernández, de la parroquia de Baredo, de Sabarís, de Bahíña, de Belesar, o del centro de Baiona; y ahí sí hay pensionistas, y este es el foro para que nosotros pidamos porque lo que estamos pidiendo también es para ellos.
Con respecto al Sr.Estévez, nombró usted lo del catastrofismo; los del PP podemos ser un poco catastróficos, a veces un poco pesimistas, yo reconozco que sí lo soy, pero es que ustedes..., ni un extremo ni el otro; creo que ya hace 2 años, en las elecciones generales, ya se decía que empezaba a haber crisis, y no se quería reconocer esa crisis; y ustedes son tan optimistas que si los brotes verdes, hace 15 días, que el paro iba a descender, resulta que vuelve a subir, y estamos ya en época estival en muchos sitios y sigue aumentando el paro; o sea, hay que ser optimista, pero hasta un punto. Son tan optimistas que usted, en los Plenos anteriores, nos decía que debíamos de endeudarnos, creo que en este Presupuesto pasado y en el anterior: que debíamos de endeudarnos; pues yo creo, sin ser economista, que uno de los grandes problemas de la crisis es el endeudamiento; la Ley permite endeudar a los Concellos en el 110%, eso es una verdadera aberración; y usted decía: endeudarse, endeudarse, y el Alcalde decía que estabamos haciendo una gestión moderadamente buena dentro del endeudamiento pequeño que tenemos por si vienen tiempos peores; el Alcalde siempre decía que vendrían tiempos peores; y así es.
Pasa lo mismo con la economía familiar; la gente empezó a endeudarse, porque es cierto, como dijo el Sr.Valverde, que los bancos se pasaron y dieron unos créditos tremendos, valorando muchísimo más las viviendas, y se compraban cosas sin tener dinero; y a nivel municipal hay muchos Municipios que tienen una deuda muchísimo más grande, y nosotros aquí intentamos hacer inversión pero dentro de un control y no tirar mucho del préstamo, como quería hacer el Sr.Caballero recientemente, por eso aún encima tuvieron que cambiar para que pueda tener el préstamo que él pide de los 27 millones de euros, y hacer gestión. Lo fácil es pedir cuando no tienes, y aparte, tal y como está montada la política, uno puede pedir (sobre todo en este último año) crédito, crédito, y cuando lleguen las próximas

elecciones si queda otro que cargue con él, con el problema. Es un problema de confianza; pero yo no vengo aquí a hablar de Zapatero, pero no vengamos a decir aquí como dijo usted "que los pensionistas hagan un pequeño esfuerzo", ¿y porqué ellos?, ¿porqué lo tienen que hacer los pensionistas?, pues no habrá un montón de medidas!, y el Sr.Valverde comentó un montón de ellas para tener en cuenta. Estamos hablando de 15.000 millones de euros, tampoco es tanto; pero claro, si el dinero se tiró y ahora alguien nos tira de las orejas (como nos tiran de las orejas desde Estados Unidos y de otros lados), ahora de repente hay que cambiar todo; es como si a mí me iban mal mis negocios pero sigo con el mismo nivel y de repente le digo a mi hijo que no hay ni para comer; no puedo llegar hasta ese extremo; no se debía haber llegado a ese extremo; y se llegó; y claro que estamos en una crisis mundial, pero España tiene mucha parte de culpa.
El Sr.Valverde se remontaba a los años de Solbes; existía paro; después gobernó el PP y bajó muchísimo el paro; que por cierto, aunque el PP estuviera gobernando a nivel nacional el paro estaría alto, porque es una crisis mundial; pero nosotros lo reconocemos; no como otros, que no reconocen que haya una crisis; digo que el paro estaría alto, pero no tan alto como ahora. Dentro de la crisis mundial cada uno tiene suparte de culpa; Alemania no está haciendo las cosas como España, y así le está yendo. Ahora aquí, de repente, hay que cortar, con estas medidas: primero los pensionistas, los funcionarios, y a partir de aquí empezará a haber cortes por todos los lados, porque como decía Manuel Vilar ahora mismo el IPC desde el año pasado subió un 1,5% más el IVA que va a subir un 2%, resulta un 3,5%; un jubilado de Baiona va a tener un 3,5% menos de pensión, y obviamente va a gastar un 3,5% menos; por ello habrá menos movimiento, el Estado ingresará menos, y seguiremos en la misma. Imagino que cada día veremos en la prensa y en la televisión cuales son las nuevas medidas, de recorte, de recorte, y de recorte; a ver cuanto aguanta esta olla sin explotar.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** En estas situaciones tan difíciles de la economía mundial yo creo que no hay políticas económicas de derechas ni de izquierdas, y lo demuestran las que se están llevando a cabo en todo el mundo.
Dice usted que España tiene una gran parte en la crisis; cuando se inicia esta situación, que por cierto se inicia en Estados Unidos, yo creo que no tiene nada que ver, sino que es un problema financiero mundial muy serio. Lo primero que hacen todos los Gobiernos, incluído España, es inyectar dinero en la banca; no se le ha dado ni un euro a la banca en España, no se le ha dado, ni 8.000 millones ni nada, se le ha prestado. Todos los Gobiernos conservadores y progresistas del mundo inyectan dinero en el sistema financiero; si se quiebra el sistema financiero en ese momento, es decir, hoy no se si estaríamos aquí; en España los bancos han dejado 300.000 millones de euros a los promotores inmobiliarios, es el 30% del producto interior bruto de España; si dejamos que los bancos se hundan en aquel momento el sistema quiebra, absolutamente; es un 30% del producto interior bruto español, es decir, todos los gobiernos han inyectado dinero a la banca; en España no se le ha dado sino que se le ha prestado.
Hablan ustedes de que lo fácil es quitarle dinero a los pensionistas y a los funcionarios; es fácil para los técnicos que puedan diseñar un Ministerio, una economía; pero para un político es lo más difícil; nosotros somos políticos; son 5 millones de posibles votantes, es decir, para un político lo más difícil es tomar esa decisión; y ahora mismo hay que hacer una reforma laboral, el Gobierno ya ha dicho que el 16 de junio o hay acuerdo o se hace reforma laboral: peligro de huelga general; es lo más difícil para un Gobierno, lo más complicado.
Y queda por tocar el sistema financiero; tema también muy complicado.
Me ha parecido razonable lo que ha dicho Sr.Rodal; pero objetivamente creo que cualquier gobierno que le pasara ésto en esta situación, la situación sería exactamente la misma, por ejemplo: el déficit público en Portugal, en Grecia, en Inglaterra, es superior al español; las medidas que se toman ahora, como he dicho antes es un esfuerzo del 1,5% habiendo subido el gasto social un 58% en los últimos años, es decir: es un esfuerzo pequeño; y obviamente que eso quita dinero a la economía, pero son 0,5 puntos del PIB, y lo que estamos intentando es ahorrar un 5 y pico por ciento de déficit.

Realmente el PP, que es la oposición, y tiene que hacer algún tipo de política alternativa, en toda esta crisis jamás ha planteado medidas alternativas públicas; ustedes decían que ibamos a llegar a 5 millones de parados, resulta que estamos en 4 y ha bajado el desempleo en 76.000 parados este mes. También decían que ibamos a deflacción, pues no, el IPC es positivo; dijeron que la industria automovilistica iba a quebrar y resulta que se han vendido muchísimos coches en este último año.
Objetivamente creo que cualquier gobierno conservador, social-demócrata, o progresista, hubiera actuado igual en esta crisis mundial.
El Plan E, lo que dije antes, ¿se han gastado 15.000 millones de euros?: no; se han inyectado 15.000 millones, se han creado puestos de trabajo y se ha movido la actividad económica, que es fundamental.
Hablan ustedes de despilfarro; para nada es despilfarro, el Estado tiene que estar donde no puede estar realmente el sistema privado; tiene que estar.
Por supuesto que yo he pedido aquí, y sigo pidiendo, mayor deuda en este Concello; si fuera concejal en Madrid no lo pediría, sería un irresponsable; pero aquí sí que lo puedo pedir, claro que sí. Y si nos hubieran cortado el otro día el crédito a todos los Ayuntamientos nosotros hubieramos tenido más liquidez ó más posibilidad de endeudamento y hubieramos hecho más cosas; a aquellos que hicieron mal los deberes igual se les cortaba; pero a los que lo hicieron bien, no; y hubieramos inyectado más inversión en este pueblo, que al final es hasta el 31 de diciembre. Repito que, por supuesto, soy concejal en Baiona y pido mayor deuda; en Madrid no lo haría.
Estamos en contra de esta Moción; sabemos que son ustedes catastrofistas y pesimistas; yo intento ser optimista y realista y estoy tranquilo; si la alternativa de oposición que ha habido estos años en España fuera constructiva, con alternativas realistas, con medidas concretas, con números, pues podría tener mis dudas, pero estoy convencido de que todo lo que nos rodea en la economia mundial ha sido exactamente lo mismo, y quedan 2 grandes reformas fundamentales que son la laboral y la financiera. Vamos a votar en contra.

**SR.VALVERDE, BNG**.- Os grandes problemas foron dous, teñen nome e apellidos: inxección á banca, e Plan E.
O noso grupo está convencido que estes foron os 2 grandes problemas do Goberno Zapatero; esa precipitación, non saber cómo actuar, ou non querer afrontar unha reforma seria do sistema financieiro neste pais. 30.000 millóns para a banca, que se lle prestaron, pero non os temos, o Estado non os ten, debeos; e 15.000 millóns do Plan E; déles, a Baiona, 3 millóns, ¿cánto quedo na cidadanía de Baiona deses 3 millóns?, aínda estou esperando, por certo, agora que me lembro, o escrito que metín fai 1 mes pedindo cántos postos de traballo se crearon co Plan E; se me dixo cunha semana máis ía estar e levamos xa 15 días de retraso; me vería moi ben ter eses datos agora mesmo, por exemplo, xa tería respostas para esta moción, pero para o mes que ven teremos tempo de poder seguir falando, seguramente. ¿Cánto quedou en Baiona?, sí, obras, infraestructuras, moi ben, que por certo co tempo que houbo para preparálas, sobre todo as do primeiro Plan E, bastante esforzo se fixo dende o goberno, e sí teño que decir que o Sr.Vilar dixo no seu día que eles poderon presentar proxectos porque os tiñan estudiados de antes, senón era inviable: cun mes de prazo era inviable presentar proxectos, crear postos de traballo, e facer unha inversión de 2 millóns de euros neste Concello; ese foi o gran erro do Sr.Zapatero; ún dos grandes erros está ahí. Eu critiquei o Plan E dende o seu principio, que non ia a ser a solución para a creación de emprego neste pais; si repartimos eses 15.000 millones entre todos os parados e os pómos a traballar facemos moito máis, facemos moito ben pola economía. Facemos o segundo Plan E, e máis do mesmo. ¿Haberá un terceiro?, eu penso que xa non, non debe haber máis cartos.
Folga xeral; o BNG, como partido responsable que ten que ser, nunca pode estar dacordo cunha folga xeral porque iso é o colmo do fracaso dunha política, e os políticos non estamos para que ninguén fracase; os políticos temos que estar para intentar levar a este pais, a este Concello, para diante. Tódolos logros que conseguiron co movemento obreiro na década dos 70 e dos 80 están tirados polo chan a día de hoxe, e o problema é que o movemento obreiro

hoxe en día non é capaz de movilizarse nin de reivindicar como o fixeron neses anos; todos eses logros que se conseguiron, hoxe en día están polo chan.
E veremos en qué queda a reforma laboral porque seguramente será sen consenso e por "decretazo", outro fiasco seguramente.
A mín o que non me sirve é escoitar do Sr.Vilar o victimismo que ten con respecto ó Concello; xa nos acaba de anunciar que van a baixar as subvencións, que van facer menos obras, ... pero o orzamento subíu, o orzamento que aprobamos fai un par de meses; ¿a qué estamos xogando?, ¿a beneficiarnos dos males dos outros, para decir que en Baiona non vou a facer nada no ano que queda?, non; a mín iso non me sirve; teremos que tirar por Baiona para diante, teremos que intentar que en Baiona se fagan inversións, se fagan obras, e que consigamos crear emprego dentro das posibilidades desta Administración Local, teremos que fomentar a creación de empresas dalgún xeito.
Hai un montón de medidas, e recomendo ó equipo de goberno que lea o programa electoral do BNG das pasadas eleccións municipais onde nós fumos quen de poñer as nosas recetas ó aire, ó público; poden ver que nas medidas económicas tiñamos a creación de empresas; aquí o goberno local non fixo nada ó respecto; pudo, houbo un montón de subvencións, co bipatito e co actual goberno da Xunta para poder leválo a cabo, ¿iso non crearía emprego neste Concello?; dotarlos dun local onde 20 empresas poidan nacer, onde 20 rapaces emprendedores poidan poñer o seu negocio en marcha, ¿iso non é crear riqueza?, ¿para iso non está a Administración Pública, a Administración deste Concello?; a receta a teñen escrita: invitolles a leer o noso programa electoral, e como esa moitas máis.
O Plan Xeral, xa sabemos porque está no caixón, gracias Sr.Vilar, xa sabemos o porqué; xa nos acaba de dar unha luz máis; está claro que a crisis do ladrillo estános afectando, e o Plan Xeral que vostedes nos propuxeron estaba baseado nese aumento do ladrillo neste Concello, tan criticado por nós. Pois ben, haberá que reformálo; os próximos 20 anos non poden seguir sendo como os 20 anteriores, non podemos ir creando o mesmo número de vivendas porque van quedar baleiras, como as que están; temos que pensar en crear vivendas para os nosos veciños e non crear vivendas para xente foránea que ven 2 meses a xogar o golf ou a pasálo ben co seu iate pola bahía; que veñan, benvidos sexan todos eles, pero creemos vivenda para os nosos veciños e veciñas; deixemoslles construir nas parcelas que eles teñen no rural para que os seus fillos poidan facer unha casa pouquiño a pouco; non os obriguemos a meter en xaulas, non os obriguemos a terse que hipotecar por 40 anos; esas son as políticas que temos que facer dende este Concello, e ahí sí que podemos facer moito.
Alarma social; iso é o que quer crear o PP; quer levantamento popular; quer que haxa folga xeral, quer que se paralice todo; iso é o que están buscando; agora o que queren é levantar aos pensionistas en contra do Goberno do Estado, e tamén en Baiona rentabilizar eses votos; estamos en campaña, Sr.Almuiña, porque senón non traerían esta moción aquí hoxe, ¿porque senón se preocupan tanto hoxe polos pensionistas do noso Concello?, outros días non se teñen preocupado tanto.
¿Qué pasa co resto dos veciños?, ¿qué pasa cos funcionarios?, ¿qué pasa coas empresas de Baiona?, ¿non nos preocupamos por eles?, hoxe solo toca pensionistas; ¿porqué non facemos unha moción e nos diriximos ó Goberno con tódalas medidas que temos que facer para que o noso Concello saia adiante?, ahí sí o BNG estará disposto a traballar; sí o BNG vai traer propostas, sí o BNG vai a contribuir a iso; a esta Moción non. E insisto: non estamos dacordo coas medidas do PSOE, e non concordo co compañeiro Rafa Estévez en moitos dos seus argumentos, non os podo compartir; sí ten que haber diferencias entre políticas de dereitas e de esquerdas; sí ten que haber diferencias na política económica, en tódalas épocas, e nas de crisis sobre todo; e miramos como soamente estamos en problemas de crisis os paises capitalistas; hai rexións que son emerxentes; temos que aprender chino dentro de moi pouco, por certo, eu xa empecei e está bastante complicado; por agora so sei decir "hola", pero aprenderei moito máis; seguramente o panorama mundial cambiará en moi breve tempo.
Temos que absternos nesta Moción; lóxicamente estamos de lado dos pensionistas pero non podemos aprobar este tipo de mocións. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Esta é unha moción positiva, por iso a firmamos e a compartimos. Para mín o Goberno tomou medidas que foron positivas; inxectarle cartos ó sistema financieiro era imprescindible, nin o discutimos, porque si se derrumba o sistema financieiro sería o caos, creo que é unha medida acertada.
O tema de sacar diñeiro, mire, eu creo que sacar diñeiro ata lle é difícil aos técnicos; sobre todo sacarlle diñeiro ós funcionarios, porque a cousa é moi complexa: un funcionario ten complementos de destino, específicos, etc.; por iso o Sr.Zapatero, o Goberno do Estado, ó dia seguinte presentou unha correción de erros, porque se chegaba a casos tan paradóxicos como que un funcionario do grupo A 2 gañase máis que ún do grupo A 1.
En canto á deuda do Concello hai unha cousa que está clara, Sr.Estévez: canta máis deuda teña un Concello máis cola de proveedores pendentes de cobrar. Creo que o importante é ter os Concellos saneados e pagar ós proveedores dentro dos plazos razoables de 30, 60, e 90 días, e que non teñamos que vir aquí con recoñecementos extraxudiciais de facturas, como fixemos ata agora e como se viña facendo habitualmente; creo que esa é a clave dunha boa Administración Local e é a liña pola que vai Baiona, a proba é que nós estamos aforrando moitísimo nas compras porque Baiona ten unha garantía de pago; eu sempre digo que hai que pedir 3 presupostos en calquer gasto que fagamos, polo menos así o facemos na nosa Concellería, porque supoñen gastos importantes dun ano para outro.
Cando ún xa cumpre 60 anos, ún é sexaxenario, ún nunca é negativo; unha das ventaxas é que ún é optimista e ante unha situación como ésta valoramos máis outras cousas: ún se da conta do importante que é a saude, que o importante é vivir; dificilmente as persoas maiores son pesimistas e negativas, posiblemente as depresións están máis ligadas ós xovenes, e nos temos que intentar deixar un mundo cada vez mellor para os nosos descendentes, sobre todo para os directos, que dependen de nós.
En canto ás obras do Plan E, para Baiona foron estupendas, eu non o nego; gracias ó Plan E se fixeron obras que serían impensables, polo tanto eu non estou en contra délas senón todo o contrario; foi positivo para Baiona porque Baiona se transformou e son moitos os baioneses que disfrutan desas obras; outra historia é que dende unha política macroeconómica sexamos críticos coas obras do Plan E; son dous prismas diferentes de analizar o que é o Plan E.
En canto á intervención do portavoz do BNG, decirlle que nós o temos moi claro: o equipo de goberno, tanto no PGOU como no PEPCHAB, temos os deberes feitos, de maneira clara e transparente; e claro que queremos que se faga un campo de golf en Baiona e que veña a xogar a xente, por suposto; outra historia é que existan lexislacións cada vez máis complexas que vaian do xeral ó particular; nós, en cambio, defendemos o particular, que é a nosa realidade e a que coñecemos mellor que nadie, a pesar dos obstáculos que nos atopamos, como calquer Administración, que por naturaleza é burocrática; e por iso nós vamos a sacar adiante o PEPCHAB, vamos a sacar adiante o Plan Xeral; as bases están feitas, eu espero que se debata e que se aproben incluso nesta lexislatura, esperemos que sí. Moitas grazas.

**SR.RODAL, PP**.- Yo dije que ésta era una medida "fácil", la de ir a por la gente menos pudiente, digamos, en este caso los pensionistas; y el Sr.Estévez dijo que no, que era una medida realmente anti-popular y que, de hecho, puede afectar en las urnas. Puedo equivocarme, pero si sigue gobernando Zapatero antes de las elecciones posiblemente no haya cheque bebé pero sí habrá un cheque pensionista, con una paga extraordinaria; acuérdese de esto que le digo; de hecho CIU, cuando se abstuvo, dijo eso: "nosotros nos abstenemos pero queremos que se les de una paga extraordinaria", y va a pasar eso, cuando se acerquen las elecciones dirán "ahora le damos a los pensionistas 1.000 euros de paga extraordinaria para contentarlos", acuerdese usted de ésto que le digo y que va a quedar en acta, y no soy adivino; no me diga que no es una medida electoralista. Gracias.

**SR.ALCALDE**.- Estamos demostrando unas cualidades de economistas de los de verdad; en esta grave crisis los grandes economistas demostraron ser un "bluff" porque ninguno hizo una proyección. De lo que se habló hoy aquí es de la economía real, la del día a día, y al final

la otra es un múltiplo de ésta pero no es tan diferente, y la situación de la crisis mundial lo ha demostrado; los grandes economistas ni predijeron ni saben cual es la solución; en un momento hablan de meter dinero, de endeudar al pais, y al año dicen que hay que retirar y disminuir el déficit; realmente no han dado ninguna solución.

____________________________________________________

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra 5, PSOE; producíndose 2 abstencións, BNG.**

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**1º) Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.**

**2º) Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para renovar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.**

**5.2.- MOCION DE URXENCIA DO PSOE.-OBRAS MERCADO DE SABARIS.**

**SR.LORES.- EXPLICACION DA URXENCIA.-**

A Urxencia ven dada xa que o goberno local anunciou que se ía facer un proxecto de remodelación e de acondicionamento do Mercado de Sabarís, e se está traballando e licitando dende a Deputación Provincial, entendemos que isto xa está a piques de rematar e por parte dos comerciantes que están a desenvolver a sua actividade económica e comercial neste Mercado hai algunhas preocupacións sobre todo no referente á concreción do proxecto, tanto interior como exterior, preocupación tamén en canto aos costes que lles pode supoñer a cada ún déles (que nós entendemos que non deberían ter ningún), e tamén pola situación que nestes momentos están a vivir eses comerciantes polas concesións xa que parece que hai bastantes diferencias entre uns e outros; é o que tamén pedimos nesta Moción unha vez que xa se van a tomar esas medidas; e que nós entendemos que a remodelación deste mercado é necesaria porque tódolo que sexa dinamizar o comercio é algo positivo, polo tanto non vamos a criticar a actitude ou a idea da Deputación Provincial nin do goberno local de remodelar e pór en valor ese Mercado, pero sí creemos que hai cousas que son importantes que se traballen e se decidan antes da sua concreción. Por iso creemos que é urxente que isto se faga agora e non esperemos máis.

**SR.ALCALDE.-** Quero explicar porqué vamos a votar en contra da Urxencia: o outro día comentei con vostede que o PSOE había presentado unha moción, ou dous, sobre este tema, e que para nós non é tema de Moción senón de xestión municipal; o que aquí se pide, nesta moción, xa quedou moi atrás porque se están facendo negociacións coa empresa, coa Deputación, e coas persoas afectadas, polo que digamos que para nós non ten razón de ser, aínda que entendemos a preocupación que mostra.

__________________________

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Urxencia, resultando: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG),**
**votos en contra, 9 (8,PP, 1, CMÑ). Polo cal, o Pleno, por maioría, rexeita a URXENCIA da Moción presentada polo PSOE.**

**6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGO DO PSOE.- SR.LORES.-**

**O ROGO é referente a unha nova que saíu onte nos medios de comunicación sobre o conflicto existente na rúa Cidade de Vigo pola recollida do lixo, pola ubicación dos contenedores**. Nós estaríamos encantados de debatir neste Pleno unha reestructuración de todo o que é a recollida do lixo; entendemos que estas pequenas actuacións non van a solucionar o grave problema que ten o Concello de Baiona, e outros moitos Concellos, e que hai que ir adaptándose ás novas tecnoloxías en canto á recollida e ás novas normas de uso deste servizo; a solución podería ser algún tipo de soterramento de contenedores; ou incluso facer outro tipo de recollidas, pero isto entraría nun proxecto distinto.
Ante este conflicto **ROGAMOS** ó goberno municipal que trate de conciliar xa que o enfrentamento entre veciños e esa imaxe de conflicto non favorece nin ó Concello, nin ós veciños, nin a ninguén; hai duas solucións que os veciños propoñen: unha délas é xustamente en vez de xuntar os contenedores deixálos 3 e 3 nas cabeceiras da rúa; outra é trasladálos, si se xuntan, á beirarúa de enfrente, onde, por suposto, hai outro veciño que se opón, polo tanto sería conflictivo; pero hai un edificio que está enfrente dunha eira onde non hai edificación, en cambio onde se están agora a facer as obras sí hai un edificio onde viven 35 veciños. Entendemos que o goberno local debe ser sensible a esta petición e que é posible chegar a unha solución de consenso entre todos.

Polo tanto, **ROGAMO**S que tomen este tema con sensibilidade e traten de solucionar este conflicto.

---

**ROGO DO BNG.- SR.FERNANDEZ.-**

**O ROGO é que por parte da Alcaldía se convoque a Comisión de seguimento das obras da rotonda e accesos á autopista AG-57 cos membros da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.**
**- ¿Foron licitadas as obras?.**

**SR.ALCALDE.-** Creo que saíu a licitación pero que aínda non está adxudicada; o vamos a consultar.

**PREGUNTAS DO BNG.- SR.FERNANDEZ.-**

**1º.- ¿Qué criterios se seguen para a ubicación dos novos puntos limpos?.**

**SR.ALCALDE.-** Son criterios técnicos; foron éles quen fixeron este proxecto, os técnicos municipais, vendo tódalas posibles ubicacións e tratando de mover o menor posible sobre as anteriores que levaban xa tempo establecidas.
**2º.- ¿Porqué motivo se leva cambiado en varias ocasións a ubicación dos puntos limpos na rúa Cidade de Vigo?. ¿Onde pensan ubicálos nesa rúa definitivamente?.**

**SR.ALCALDE.-** Concretamente na rúa Cidade de Vigo houbo dúbidas sobre onde colocálos; ó final a situación é a que os técnicos recoñeceron como a mellor, e xa houbo reunións cos veciños dun edificio de Cidade de Vigo, non doutros edificios, e se comentou que se entendía por parte dos técnicos que esa situación era a mellor; os contenedores ata agora estaban nos dous lados dese edificio, tiñan un razoamento que era a altura que ten, pero as queixas fundamentais destes veciños eran polo mal uso que se fai dos contenedores. Nadie quer os

contenedores na sua porta, lóxicamente, pero o problema é que todavía hai xente (aínda que mellorouse moito) que non fai un uso adecuado déles; diferentes comercios todavía, a día de hoxe, non cumpren tódolos días escrupulosamente co tema da eliminación de residuos, polo que vamos a facer un seguimento exhaustivo, porque os puntos ecolóxicos melloran a estética pero se os usos non se cambian non podemos facer nada.

¿Porqué descartamos o tema dos contenedores soterrados?, pois porque teñen unha serie de problemas importantes; primeiro, non van a cambiar o mal uso, incluso o incrementan ó bloquear moitas veces as bocas deses contenedores porque se meten tamaños superiores ós que corresponde, e se por exemplo se elimina pescado ou carne sen as condicións adecuadas vai a feder exactamente igual que un contenedor normal, e despois hai averías moi frecuentes que deixan inutilizados eses contenedores. Para mín o máis importante neste momento é cambiar os comportamentos daqueles que non fan unha utliización adecuada e vamos a aplicar, agora aínda con máis rigor, a Policía Local, as medidas para tratar de cambiar estes comportamentos.

Na reunión cos veciños deste edificio fixemos unha proposta avanzada (avanzada para España pero no para outros sitios) que foi adquirir o compromiso de poder facer Cidade de Vigo rúa piloto co sistema que utilizan outros países de Europa, colocando os contenedores dentro dos edificios e que se saquen a unha hora determinada para evitar precisamente que estén na rúa; eles, en principio, non o veron positivo, pensan que terían moitos problemas. Según a normativa actual os novos edificios teñen xa un local para contenedores, por tanto, de cara ó futuro, iso será posiblemente o que haxa que facer, pero a día de hoxe o máis importante é cambiar os comportamentos do mal uso por parte dalgún veciño ou dalgún comerciante. Xa houbo informes de Medio Ambiente sobre sitios concretos e se ha actuado.

Me gustaría que os grupos políticos comprenderan a dificultade que existe en situar contenedores, porque evidentemente nadie os quer próximos; incluso hai comercios que os teñen cerca e van a botar a outro lado para evitar que lle cause perxuicios, cando o lóxico sería facer un bó uso, que trataremos de coordinar e facer efectivo.

Quero decir que estou orgulloso da actuación e do comportamento dos veciños en xeral porque han mellorado tanto no reciclaxe como na utilización dos contenedores. Poño dous exemplos: ún, o Casco vello, que podemos recordar que anteriormente camións da basoira que tiñan accidentes, había averías, aceite na rúa, bolsas esparcidas coas gaviotas por enriba, e agora grazas á colaboración dos veciños o Casco vello de Baiona é dos máis limpos que existen; decir, por comparación, que fai pouco estiven en Valencia, e o casco antigo é bonito pero sen embargo teñen a basoira tirada nas rúas, ó lado das terrazas, e a verdade é que me sorprendeu en negativo. É un tema de comportamentos, de ideoloxía, e por iso temos que tratar de pór en práctica que a xente colabore, explicandolle cáles son os problemas. Outro exemplo, que tamén recordamos estes días, de cómo se está cambiando e que é moi positivo: fai 3 anos, máis ou menos, en Carabela Pinta, na esquina do restaurante Os Amigos e Panaderia As Mercedes había unha frutería próxima que colocaba as caixas de froitas enteras, unha enriba doutra, co cal se alcanzaban alturas de 3 metros, e víu a denunciálo o veciño do primeiro, que xa non protestaba polos cheiros senón porque lle poideran prender fogo as caixas e lle chegara o lume; agora, segue estando alí a mesma fruteria, hai ainda máis fruterías, e ese problema xa non existe porque houbo un comportamento despois da actuación do Concello decindo: “isto non é posible, non podemos mantér esta situación”, e houbo un cambio moi positivo, tanto polos veciños como polos comerciantes. Agora hai que actuar sobre aqueles que todavía non entenden esa situación; e máis que a situación en sí, creo que o tema é o uso, o mal uso; o que se pide é colaboración.

A idea fundamental é tratar de que o uso que se faga dos contenedores sexa o adecuado, e para iso se pide a colaboración veciñal, para que nos digan onde está o defecto porque non temos Policía vixiando as 24 horas os contenedores; que nos digan: “en tal negocio pasa ésto”, entón actuaremos, aínda que en principio non sexa de maneira sancionadora senón decindo que non pode ser e que hai que cambiar eses hábitos, que agora, como comentei antes, moita xente xa cambiou o que é moi positivo.

**3º.- ¿En qué situación se atopa a lámina de augas do Clube de Iates?**

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos no próximo Pleno.

———————————————————————————

**<u>SR.VALVERDE, BNG.-</u>**

**1º.- O pasado 31 de marzo publicouse no DOGA, Consellería de Industria, unha Orde do 29, da asignación de 2.300 megawatios, nesta Orde aparece unha area de desenvolvemento eólico chamada Torroña I, que afecta en parte á extensión actual do Albariño I, ¿solicitou o Concello algún tipo de información á Consellería de Industria ó respecto da afección no noso Concello?, ou ¿iso quer decir que vai aumentar o Albariño I xa existente?.**

**SR.ALCALDE.-** Sí, pedimos información, pero aínda nos faltan datos; enviaron unha información limitada.
**2º.- Tamén pudimos ver que no DOGA do 25 de maio EUROVENTO renunciou a 11 muiños, sobre todos ós que afectan ó Concello de Oia, 5 déles por afección visual ó Monasterio, e os outros por distintas afeccións a distinto patrimonio existente, ¿sábese algo de se os muiños que se colocan no térmo municipal de Baiona (que entendemos que tamén están afectados polas mesmas afeccións visuais para todo o Val) se vai a tomar algún tipo de medidas con éles?.**

**SR.ALCALDE.-** Estamos pendentes desa información, porque si se trata de patrimonio e de impacto visual evidentemente estamos igual que no caso de Oia; por iso queremos información completa.

——————————————————————————————————————————

**<u>PREGUNTAS DO PSOE.- SR.LORES.-</u>**

**- Na selección que houbo de emprego para o futuro supermercado CARREFOUR, quixera preguntar en qué consistíu a colaboración do Concello na selección de persoal; e porqué se entregaban os curriculums no Concello; ¿cál foi o papel do Servizo Galego de Colocación neste proceso?.**

**SR.ALCALDE.-** Deixamos as nosas instalacións para comodidade á hora de entrevistar á xente no tempo que nos requeriron; e non é un tema de hoxe, senón que é de sempre, que aquí hai xente que deixa curriculums e a calquer empresa que nos llos pida os enviamos; neste caso creo que en total se remitiron uns 400 e eles fixeron a selección. Nós estamos encantados de que se contrate e evidentemente preferimos que sexa xente de Baiona; se fala de máis de 60 persoas contratadas en verán e 30 e pico en inverno; lóxicamente o Concello de Baiona ten que dar tódalas facilidais a calquer empresa que se quera instalar aquí.

——————————————————————————————————————————

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.